

BASES



XIV Premio Internacional

COMPOSTELA

para Álbums Ilustrados

O Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela, en colaboración con Kalandraka Editora, convoca o XIV Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados, coas seguintes bases:



1. Poderán optar ao XIV Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados todas as obras que se poidan incluír na categoría de álbum ilustrado: un libro no que o relato se conta a través de imaxes, ou de imaxes e textos, de tal maneira que ambos os dous se complementen.
2. As bases da presente convocatoria teñen como finalidade fomentar a produción artística e literaria destinada ao público infantil e xuvenil.
3. As obras poderán ser presentadas en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica e deberán ser orixinais e inéditas. Non se admitirán aquelas que sexan adaptación doutros orixinais ou as obras que fosen premiadas noutros concursos. Tampouco se admitirán as obras que teñan máis de tres ilustracións publicadas en internet.
4. Poderán participar unha ou varias persoas, autores/as de texto e ilustración de calquera nacionalidade. Quedan excluídos os/as gañadores/as das anteriores edicións e traballadores/as ou extraballadores/as da editorial Kalandraka.
5. Os proxectos poderán presentarse en calquera tamaño, técnica e formato, pero a extensión non deberá superar as 40 páxinas interiores (sen contar gardas nin cubertas).
6. Os/As autores/as que opten ao premio deberán presentar:
  - Cinco copias do texto.
  - Tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha delas. No caso de utilizarse técnica dixital, admitiranse impresións da obra en alta resolución.
  - Unha maqueta acabada do proxecto que se presenta: unha versión impresa con deseño, texto e ilustración, o máis semellante posible ao que será o libro acabado.


7. Nas obras non deberá figurar o nome dos/as autores/as, senón un lema ou pseudónimo. Os datos persoais dos/das participantes achegaranse nun sobre pechado: no seu exterior indicárase o título da obra e o lema ou pseudónimo, e no seu interior o nome ou nomes completos, enderezo postal, teléfono de contacto e enderezo electrónico. Dentro do sobre tamén se incluírán unha fotocopia completa do DNI ou pasaporte, así como unha breve recensión biográfica.
8. Os traballos serán remitidos ou entregados no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (Rúa do Presidente Salvador Allende núm. 4, 15705 Santiago de Compostela. A Coruña. España). No sobre especificarase obrigatoriamente «XIV Premio Internacional COMPOSTELA para Álbums Ilustrados». Nos sobres que se entreguen a través de axencias de transporte non deben aparecer os nomes dos/das autores/as.
9. O prazo de presentación de orixinais ábrese coa publicación destas bases no boletín oficial da provincia de A Coruña e remata o 14 de maio de 2021. O selo postal tanto dos traballos presentados por correo ou por empresas de mensaxería non poderán ser posteriores á data do último día de entrega. A decisión do xurado farase pública na última quincena de xuño de 2021.
10. O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e da ilustración que segundo o seu criterio técnico seleccionará a obra premiada. Actuará de secretario/a unha persoa que designen as entidades organizadoras. O premio poderá declararse deserto e a decisión do xurado será inapelable.
11. Establécese un único premio, dotado de 9000 €. O premio está suxeito ás retencións que, se é o caso, procedan. O importe do premio non se fará efectivo ata que o/a autor/a ou os/as autores/as entreguen a obra rematada para a súa publicación. A obra premiada será publicada en todas as linguas oficiais peninsulares (galego, catalán, éuscaro, castelán e portugués) pola editorial Kalandraka no mes de novembro do ano 2021 e, para tal efecto, asinaranse os respectivos contratos de edición. Así mesmo, a editorial terá prioridade de publicación daqueles traballos que teñan recibido mención especial do xurado. Este dereito terá vixencia durante un ano, despois do cal o/s autor/es poderán dispoñer libremente das súas obras.
12. O/A autor/a (ou autores/as) cederá os dereitos da primeira edición, segundo debe constar no contrato que asinará coa editorial Kalandraka.

13. O/A autor/ra (ou autores/as) comprométese a entregar a obra rematada antes do 3 de setembro do 2021.
14. O/s autor/es correrá/n con todos os gastos de envío das obras a destino. Os organizadores non se fan responsables das posibles perdas ou deterioracións dos orixinais, nin dos atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poida afectar á chegada das obras ao concurso.
15. Os/as autores/as poderán solicitar a devolución dos orixinais non seleccionados. Terán que comunicalo por escrito no seguinte enderezo de correo electrónico [premiocompostela@kalandraka.com](mailto:premiocompostela@kalandraka.com) durante o prazo dun mes dende a decisión do xurado, e asumirán os custes de envío. Para este efecto, facilitaráselles ás persoas interesadas un número de conta onde facer os ingresos correspondentes para o pagamento dos portes. Transcorrido ese tempo, as obras non reclamadas serán destruídas.
16. Os organizadores non se comprometen a manter correspondencia postal nin telefónica sobre os orixinais non premiados, nin sobre a interpretación e aplicación deste regulamento.
17. As presentes bases publicaranse na web do concello de Santiago de Compostela <http://santiagodecompostela.gal/> e nas súas redes sociais. O extracto da convocatoria publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente, a BDNS dará traslado do extracto desta ao Boletín Oficial da Provincia de A Coruña para a súa publicación.
18. Se nestas bases quedase algunha cuestión sen precisar será establecida polo xurado ou, se é o caso, pola organización do certame. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.

Entidades organizadoras:

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Departamento de Educación

KALANDRAKA EDITORA




**CONCELLO DE SANTIAGO**  
Departamento de Educación

Concello de Santiago de Compostela  
Departamento de Educación  
Edificio CERSIA  
Alcalde Raimundo López Pol, s/n - San Lázaro  
15707 Santiago de Compostela. A Coruña. España  
dptoeducacion@santiagodecompostela.org  
www.santiagodecompostela.org  
Tfno.: +34 981 554 400 - Fax: +34 981 571 511

**Kalandraka**

Rúa de Pastor Díaz, n.º 1, 4.º B  
36001 Pontevedra - España  
editora@kalandraka.com  
www.kalandraka.com  
Tfno: +34 986 86 02 76  
Fax: +34 986 10 02 80



Oscar Villán